



# estatutos

---

Comunidade de Montes de Teis

Vigo

1998

# **Estatutos da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Teis**

**Setembro de 1998**

## Disposición Preliminar

As comunidades de montes existen na nosa terra dende tempos inmemoriais, impregnando a idiosincrasia do noso país e a propia vida de cada un dos galegos, achegando valores importantísimos á nosa cultura.

Ser comuneiro da comunidade de montes de Teis faille a cadaquén ser partícipe dos valores que se desprenden de terras compartidas e decisións tomadas de xeito democrático e asembleario.

O aproveitamento histórico e tradicional do monte por parte das comunidades de montes vese hoxe condicionado polas circunstancias que esta época nos fai vivir.

A comunidade de montes de Teis nace condicionada por unha longa serie de agresións que deberán ser combatidas ao longo dos vindeiros anos.

A paulatina introdución de especies forestais exóticas causa o empobrecemento da súa flora e fauna. A súa terra foi considerada solo barato polas distintas administracións, atopándose nela grande número de instalacións que parcelan o monte. Tamén existen vertidos de lixo propiciados por unha crecente presión social e unha evidente falla de conciencia ecolóxica.

No ano da creación da comunidade de montes prodúcese a amputación dunha importante parte do seu monte pola autoestrada Rande-Puxeiros ao seu paso pola Madroa, con consecuencias gravísimas para o futuro do monte e para os veciños de Teis en xeral, especialmente para os máis próximos a el. Este feito condiciona o futuro da comunidade a unha tenaz loita de recuperación e rexeneración do monte, sendo este un dos principais obxectivos que cumprir tanto polo comuneiro como polos que o representan.

Tendo en conta o estado actual, os aproveitamentos que tradicionalmente se viñeron realizando serán enfocados dun xeito racional e sostíbel para o monte, aplicando criterios de aproveitamento ecolóxico, didácticos e de recollida de froitos de xeito ordenado e racional, indo mais alá de criterios puramente económicos. Terase en conta sempre a grande presión social que existe arredor do monte e a súa pouca superficie, o que obriga a facer del un verdadeiro exemplo

de recuperación do monte autóctono galego, baixo a simbiose home-monte.

Os Estatutos que seguen a esta introdución, pretenden ser a ferramenta para regular o mellor futuro para os montes de Teis.

# CAPÍTULO I

## Disposicións Xerais

**Art. 1.-** Os presentes Estatutos teñen por obxecto regular o lecer, rexeneración, conservación e aproveitamento dos montes veciñais da parroquia de Teis, denominados "A Madroa e outros", clasificados polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra en virtude da resolución con data 4 de xuño de 1997; e demais montes que no futuro se clasifiquen como tales neste lugar, tendo en conta o establecido pola Lei 13/89 do 10 de outubro do Parlamento Galego e o seu regulamento aprobado por decreto 260/92 do 4 de setembro e, se fose preciso, a Lei 55/80 do 11 de novembro e o seu regulamento do 26 de febreiro de 1970 .

**Art. 2.-** As normas establecidas nos presentes Estatutos teñen por obxecto regular o lecer, a rexeneración, conservación, aproveitamento dos montes da parroquia de Teis. As normas que a continuación figuran inspíranse nos mellores usos e costumes que tradicionalmente veñen efectuando os veciños nos montes de Teis.

Estes Estatutos configuran o marco legal para establecer o futuro dos nosos montes, sempre coa finalidade de priorizar o equilibrio ecolóxico e medio ambiental, tomando como modelo para imitar o "bosque galego" por consideralo o máis propio dado a súa historia e peso específico dentro da nosa comunidade autónoma. Deste xeito potenciarase plantar especies autóctonas, fomentando de xeito especial a diversidade dentro deste grupo e buscando xeitos de financiamento que non se contradigan con estes preceptos.

Nembargantes, se se demostrase a existencia de usos e costumes non recollidos nestes Estatutos, una vez probado de xeito correcto a súa tradicional observancia en razón de conformidade co artigo 38.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, serán de preferente aplicación por imperativo da disposición final segunda da Lei 13/89 do 10 de outubro en relación coa disposición adicional 4ª na que se recoñece a parroquia como marco no xeito que establecen os artigos 27-2 e 40.3 do citado Estatuto de Galicia.

**Art. 3.-** A titularidade e aproveitamento dos montes corresponde á Comunidade en cuestión, que terá capacidade xurídica plena para o cumprimento dos seus fins así como para a súa autoorganización podendo, en consecuencia, ademais de aprobar os seus Estatutos, exercer cantas accións por vía xudicial e administrativa fosen precisas para a defensa dos seus fins específicos.

A representación da comunidade corresponde á Xunta Reitora e a de esta ao seu Presidente que, polo tanto, poderá defender os acordos comunitarios en casos urxentes, poñendo en coñecemento da Xunta Rectora e da Asemblea Xeral que máis inmediateamente se convoque, o exercicio das accións esgrimidas para que o órgano correspondente o ratifique ou o impugne. Todo isto sen prexuízo das facultades que a cada comuneiro outorga o artigo 17 da Lei 13/89 do 10 de outubro, no suposto de que o Presidente non execute as accións precisas como lle está encomendado.

**Art. 4.-** Os referidos montes son inalienabeis, indivisíbeis, imprescritíbeis e non están suxeitos a tributación ningunha nin a cotas da Seguridade Social.

**Art. 5.-** Nembargantes do disposto no artigo anterior, o monte poderá ser obxecto de cesión temporal a título oneroso para obras xa realizadas no mesmo, sempre que redunden de modo principal en beneficio directo do monte e da comunidade de veciños, de acordo coas maiorías previstas no artigo 18.1 da Lei 13/89 do 10 de outubro.

A cesión poderá ser por tempo indefinido a favor de calquera das administracións públicas, cando redunde en beneficio do monte ou da comunidade de veciños, en tanto se manteña o fin para o cal foi feita a cesión.

**Art. 6.-** A comunidade de montes, ante o suposto caso dunha expropiación forzosa por causa de utilidade pública ou interese social, loitará con todos os medios xurídicos ao seu alcance para que esta non se produza. Nembargantes, se isto non se conquerise, as indemnizacións resultantes investiríanse no propio monte ou en obras propias do lugar. No suposto de que o patrimonio colectivo fose expropiado conxuntamente presentaríaselle á comunidade a expectativa dun posíbel dereito de reversión.

## CAPÍTULO II

### Dos comuneiros titulares

**Art. 7.-** Integran a comunidade, sen asignación de cotas específicas, un veciño por cada unidade familiar, maior de idade, sempre que estea empadroado e resida en casa aberta e con fumes na parroquia de Teis, e ademais reúna as condicións establecidas no artigo 4º do regulamento de 1992 para a execución da Lei 13/89 de montes veciñais en man común, debendo figurar inscritos no censo de comuneiros pola súa propia iniciativa, previa solicitude de inclusión.

**Art. 8.-** Cando varias familias habiten na mesma casa será considerado comuneiro, para os efectos dos presentes Estatutos, aquela persoa que ostente a titularidade da maioría dos bens ou outra persoa en quen se delegue por escrito, previa comunicación á Xunta Reitora.

## CAPÍTULO III

### A adquisición da calidade de comuneiro

**Art. 9.-** A condición de comuneiro con pleno dereito á participación dos beneficios e cargas da comunidade adquirese:

a) Por ter veciñanza con alomenos dous anos de antigüidade, habitar en casa aberta e con fumes no lugar e cumprir o disposto no artigo 4º do regulamento de 1992 para a execución da Lei 13/89 de montes veciñais en man común.

b) Por contraer matrimonio cunha persoa que reúna as anteriores condicións, sempre que se fixe o fogar conxugal no citado lugar. En tal caso ostentará a condición de comuneiro o cónxuxe que teña a administración dos bens do matrimonio, podendo delegar no outro mediante escrito que presentará á Xunta Reitora.

**Art. 10.-** Considérase cumprida a anterior condición, aínda cando a persoa delegada teña que ausentarse por motivos de traballo, sempre que manteña casa aberta e con fumes, e esta sirva de domicilio á súa familia máis achegada, non superando a ausencia o prazo dun ano.

**Art. 11.-** Se a ausencia da persoa designada como comuneiro é de duración superior a un ano, pero persoas da súa unidade familiar seguen a vivir no lugar con casa aberta e con fumes, e cumpren as demais condicións establecidas no artigo 9º, considérase delegada a condición de comuneiro no cónxuxe ou fillos ou, no seu dereito, nun familiar, o cal deberá ser comunicado á Xunta Reitora.



## CAPÍTULO IV

### Perda da condición de comuneiro

**Art. 12.-** A condición de comuneiro pódese perder por calquera das causas seguintes:

- a) Por peche por un ano da casa no lugar.
- b) Por perda da veciñanza no lugar. Estímase producida esta perda cando se gañase a veciñanza noutro lugar da parroquia.
- c) Por renuncia do titular ou por delegación escrita noutro membro da familia que reúna as condicións para ser comuneiro.
- d) Por falecemento do titular.
- e) Por decisión da Xunta Reitora, aprobada pola Asemblea Xeral, por usar os bens comúns en forma distinta ao establecido polos órganos da comunidade, por causar danos graves ós bens comúns ou por impedir o uso aos demais comuneiros, sen prexuízo das demais responsabilidades que puidesen existir.
- f) Por falta de asistencia a tres asembleas consecutivas. Estas ausencias non serán tidas en conta se a causa é xustificada e son comunicadas mediante notificación escrita.

**Art. 13.-** A perda da condición de comuneiro non impedirá volver recuperala cando cesen as causas que a provocaron e non prexudicase ós herdeiros ou os pertencentes á súa unidade familiar que reúnan as demais circunstancias para obtela.

**Art. 14.-** Logo do falecemento dun comuneiro transferirase de inmediato esta calidade ao herdeiro que siga habitando a mesma casa do falecido, e se fosen varios, ao que teña maior parte dos bens ou, no seu caso, ao de maior idade, agás acordo dos mesmos e comunicación escrita á Xunta Reitora.

Se os herdeiros do comuneiro falecido pasasen a vivir en distintas casas do

mesmo lugar como titulares das mesmas e non tivesen anteriormente a calidade de comuneiro, obteríana dende o momento en que se acreditase perante a Xunta Reitora ter aprobada a partición dos bens do comuneiro falecido.

**Art . 15.-** En caso de transmisión *inter vivos* ou *mortis causa* do uso ou aproveitamento da totalidade dos bens que pertencían a un comuneiro, que perde por tal motivo a súa condición, o adquirente non terá dereito a integrarse como membro da comunidade ata pasados dous anos de adquirir a veciñanza no referido lugar, de acordo co previsto nos presentes Estatutos, sempre que habite en casa aberta e con fumes, debendo ser o titular do uso e aproveitamento. As transmisións parciais non extinguen o dereito do transmitinte.

# CAPÍTULO V

## Dereitos e obrigas dos comuneiros

**Art. 16.-** Ademais dos que resulten dos outorgados polos presentes Estatutos e da lexislación de montes veciñais en man común, son dereitos dos comuneiros:

- a) Participar na administración, control e goberno da comunidade, cando fose elixido membro da Xunta Reitora.
- b) Ter acceso á información de todos aqueles datos relativos á marcha da comunidade que lle interese coñecer a través da lectura de toda a documentación relati va á comunidade, así como formular as observacións que considere convenientes nas deliberacións dos órganos de goberno.
- c) Participar nos aproveitamentos directos e gratuítos de acordo cos criterios sinalados na Asemblea Xeral.
- d) Todos os demais que se deriven da súa condición de comuneiro e especialmente exercitar o dereito ao voto para elixir os membros da Xunta Reitora e decidir o resultado das Asembleas Xerais.

**Art. 17.-** Son obrigas de todos os comuneiros:

- a) Cumprir fielmente os preceptos da lexislación de montes veciñais en man común, dos Estatutos e dos acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Reitora.
- b) No suposto de aprobar a Asemblea Xeral a explotación directa do monte, efectuar as contribucións obrigatorias da forma e xeito que pola mesma se fixen, sempre suxeitándose a un plano racional de explotación do monte de acordo co artigo 2º destes Estatutos.
- c) Desempeñar con toda dilixencia os cargos da Xunta Reitora ou calquera outro para o que fose designado.
- d) Asistir ás reunións que sexan convocadas do debido xeito.
- e) No caso de explotación directa do monte, ben por toda a comunidade ou

ben na forma asociativa que se determine (de acordo co artigo 2º destes Estatutos), poñer a máxima dilixencia nas funcións e nos labores que teña encomendados.

f) Todas as demais que resulten da aplicación da lexislación de montes veciñais en man común, dos presentes Estatutos e do desenvolvido nos acordos da comunidade, determinados pola Asemblea Xeral ou a Xunta Reitora dentro das súas respectivas competencias.

## CAPÍTULO VI

# Participación dos aproveitamentos no suposto de que o monte sexa obxecto da explotación directa por parte dos veciños

**Art. 18.-** Os beneficios que sexa susceptible de producir o monte, despois de deducidos os gastos de explotación, os xornais e demais contribucións, serán investidos sempre no monte ou obras coa prioridade establecida por estes Estatutos e pola Asemblea Xeral. Tales cantidades serán distribuídas de xeito que estea de acordo o colectivo de comuneiros, e así sexa expresado en Asemblea Xeral.

**Art. 19.-** Para os efectos do exposto no artigo anterior entenderanse por rendementos pecuniarios ou beneficios líquidos aqueles que se expresen no devandito artigo e despois de reservar un mínimo do 75% para a protección e servizos derivados do uso social e ecolóxico para o que o monte estea destinado, conforme o artigo 2º dos presentes Estatutos e o artigo 23 da Lei 13/89 do 10 de outubro de montes veciñais en man común, alomenos por un período de cinco anos dende a data de aprobación destes Estatutos, tendo en conta o estado actual do monte.

Durante este período só se atenderán os gastos xurídicos, administrativos, a construción dunha sede da comunidade ou aquel outros que se presuman axeitados para o correcto funcionamento da comunidade.

## CAPÍTULO VII

### Distribución das cargas e débedas no caso da explotación directa do monte, total ou parcial, por parte dos veciños

**Art. 20.-** Tendo en conta que, en principio, a Comunidade propónse, se for posíbel e de acordo co artigo 2º dos presentes Estatutos, a explotación do monte, as cargas e débedas que se producisen como consecuencia da mesma deduciríanse dos beneficios se os houber.

**Art. 21.-** Ata que se cubran totalmente as débedas contraídas pola explotación do monte de acordo co artigo 2º e o capítulo de aproveitamentos destes Estatutos, non se procederá á realización de novas obras ou investimentos no monte.

**Art. 22.-** No caso excepcional de que fose necesario para certos traballos da explotación do monte a Asemblea Xeral poderá obrigar a realizar, na forma e xeito que se indique e con igualdade para todos os comuneiros, certas prestacións de tipo persoal que poderán ser realizadas polos propios comuneiros ou ben por un xornaleiro ou persoa delegada para tal fin a cargo de aquel, que achegará os xornais que lle corresponde realizar. Tamén se establece a posibilidade da exención destas tarefas por impedimento físico ou doenza temporal, sempre que sexan convenientemente xustificadas por escrito estes supostos á Xunta Reitora.

**Art. 23.-** No suposto indicado da explotación directa do monte, e no caso de que se produza o ingreso dun comuneiro, cando existan débedas pendentes xeradas polo aproveitamento do monte, este non poderá participar nos aproveitamentos ata que achegue a contía que proporcionalmente lle corresponde das débedas.

# CAPÍTULO VIII

## Modalidades de aproveitamento e lecer

**Art. 24.-** A Comunidade proporase como meta fundamental a rexeneración integral do monte de acordo co expresado no artigo 2º dos presentes Estatutos, así como o uso social, o lecer e os usos didácticos de toda a Comunidade de veciños, que deberán acomodarse en todo momento ás especiais características do monte de Teis que está sometido xa a infinidade de obras e infraestruturas en moi pouca superficie.

Todo o devandito deriva do emprazamento privilexiado dos nosos montes, situados na periferia da cidade de Vigo e rodeados por numerosos barrios e vilas, e da importancia que dan os veciños a estes fins, como un concepto moderno de aproveitamento e servizo á sociedade e a súa repercusión na creación de postos de traballo para os veciños da parroquia de Teis.

É, por tanto, criterio reitor e principio inspirador de todas as decisións que sexan tomadas polas Xuntas Reitoras e polas Asembleas Xerais atender a estas finalidades especialmente sinaladas e servir, segundo se dixo, a fins conservacionistas, didácticos e de lecer, e tamén á defensa do patrimonio histórico que se empraza nos mesmos, todo isto sen prexuízo dos aproveitamentos forestais ou de explotación, que nunca entrarán en contradición cos preceptos anteriores, xa que sempre serán prevalentes estes sobre aqueles.

**Art. 25.-** Só naqueles casos nos que a explotación colectiva e con rendementos pecuniarios non fose posíbel, a explotación entenderase a nivel individual e poderán administrarse aproveitamentos gratuítos e directos que realicen os comuneiros de xeito que os produtos aproveitados redunden no seu beneficio particular ou familiar, sen porporcionarlle rendementos económicos.

Os aproveitamentos comprendidos neste precepto son: a madeira proveniente das tallas, limpeza, leñas de mato ou caídas.

En todo caso estes aproveitamentos deberán de levarse a cabo coas normas que dicte a Asemblea Xeral, e sen que impida o aproveitamento igual dos restantes

comuneiros agás que estes renunciem a el, caso no que se distribuirán entre os restantes comuneiros.

**Art. 26.-** O aproveitamento do monte para fins forestais só se producirá se é imprescindible para o mantemento da comunidade; e sempre con especies autóctonas ou aquelas consideradas asimiladas, isto producirase de acordo a un plano económico aprobado pola comunidade se antes non fose obxecto de convenio coa Xunta de Galicia.



# CAPÍTULO IX

## Órganos da Comunidade

**Art. 27.-** O goberno e administración da comunidade realizarase pola Asemblea Xeral de comuneiros, Xunta Reitora e Presidente da Xunta Reitora.

# CAPÍTULO X

## A Asemblea Xeral de Comuneiros

**Art. 28.-** A Asemblea Xeral de comuneiros é o órgano supremo da comunidade e estará composta por todos o veciños que integren a relación de comuneiros que forman a mesma.

**Art. 29.-** A Asemblea Xeral reunirse obrigatoriamente dúas veces ao ano en sesión ordinaria. A primeira terá lugar ao comezo do ano, para aprobar o orzamento e os planos que se desenvolverán durante o mesmo, e a segunda no segundo trimestre para controlar o desenvolvemento daqueles planos e das contas da comunidade. Serán extraordinarias todas as demais reunións que convoque o Presidente a propia iniciativa, a instancia da Xunta Reitora ou do 20% dos comuneiros.

**Art. 30.-** As convocatorias para a Asemblea Xeral, tanto en reunión ordinaria coma extraordinaria, serán efectuadas polo Presidente da Xunta Reitora mediante escrito que estenderá o secretario con, alomenos, quince días de antelación, expresando o lugar, data e hora en que se realizará, en primeira e segunda convocatoria, o seu carácter ordinario ou extraordinario, incluíndo na orde do día os asuntos a tratar.

Publicarase a devandita convocatoria nos lugares de costume, cun mínimo de quince días de antelación, mediante notificación escrita aos comuneiros e será exposta, como determina o artigo 14-4º da Lei 13/89 do 10 de outubro, no taboleiro de anuncios do mesmo concello e lugares de costume.

**Art. 31.-** Para a validez dos acordos requírese en primeira convocatoria a presenza da maioría dos comuneiros inscritos no correspondente censo, e na segunda convocatoria o 25% dos mesmos. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberán transcorrer como mínimo dúas horas, como establece o artigo 14-3 da citada Lei 13/89 do 10 de outubro.

**Art . 32.-** A asistencia ás reunións da Asemblea Xeral debe ser do propio comuneiro ou da persoa da familia, maior de idade, previamente delegada ao facer

o censo definitivo de comuneiros. Nembargantes ningún asistente poderá ostentar máis dunha representación nin emitir máis dun voto.

**Art. 33.-** Salvo en casos expresamente tipificados na Lei de montes veciñais en man común, no seu regulamento ou nos presentes Estatutos, os acordos deberán de ser tomados pola maioría dos asistentes, e obrigarán a todos os comuneiros.

**Art. 34.-** Do resultado da reunión levantará a correspondente acta o secretario, na que fará constar a decisión da maioría respecto a cada un dos puntos do día, expresando o número de votos a favor, votos en contra e abstencións. Se algún asistente quixese facer constar a súa opinión esta será recollida facendo constar o seu nome e apelidos. Un extracto dos acordos será publicado nos lugares de costume durante 10 días a partir dos dous seguintes á reunión.

**Art. 35.-** É competencia da Asemblea Xeral de comuneiros:

- a) A elección do Presidente e demais cargos da Xunta Reitora.
- b) A aceptación dos novos comuneiros que reúnan os requisitos necesarios.
- c) O establecemento de períodos de carencia e cotas de ingreso dos comuneiros cando proceda, como consecuencia de participar en aproveitamentos creados pola propia comunidade.
- d) Decidir sobre a perda de dereitos parcial ou total dalgún comuneiro.
- e) Dirimir as discordias entre comuneiros.
- f) Aprobar os orzamentos anuais, investimentos de remanentes líquidos, obras sociais, melloras comunitarias, créditos, convenios e contas do exercicio.
- g) Aprobar todas as posibeis federacións, unións e mancomunidades con outras comunidades.
- h) Reformar os presentes Estatutos sempre con voto afirmativo do 80% dos comuneiros censados.
- i) Concertar cesións de uso, arrendamentos e dereito a superficie. Se as

explotacións se producen en terreo forestal propiamente dito estarán supeditadas, como o resto, ao artigo 2º destes Estatutos. Estas explotacións deben ser para melloras no monte, unidades didácticas, proxectos forestais ou similares.

l) Realizar permutas de terreos de carácter veciñal con outros próximos de calquera orixe, sempre que cumpran o principio de proporcionalidade que se establece na Lei 13/89 do 10 de outubro do Parlamento de Galicia, dando conta disto ao Xurado Provincial de Clasificación.

ll) Tomar todas as medidas relativas á protección e xestión cautelares establecidas pola Consellería de Medio Ambiente.

m) Xestionar o cumprimento das medidas de prevención e loita contra incendios forestais do xeito que determine a Consellería competente cada ano, sen prexuízo do que a propia comunidade afronte porque considera conveniente en defensa do seu patrimonio colectivo.

n) Aprobación da distribución de aproveitamentos, beneficios e cargas, no suposto de explotación colectiva total ou parcial do monte.

o) Ratificación e rectificación de todos os acordos da Xunta Reitora que se estimen prexudiciais ou contrarios a outros da Asemblea Xeral.

p) Imposición de sancións aos infractores das normas dictadas pola Asemblea Xeral e a Xunta Reitora.

q) Así mesmo, e de forma concreta en todo o referente a autorizacións e concesións, só se poderán admitir aquelas que cumpran co artigo 2º dos presentes Estatutos como experiencias forestais, unidades didácticas ou similares, sinalando para o efecto as cotas percibibles por estes conceptos.

r) Resolver as reclamacións previas á vía xudicial contra os acordos adoptados pola mesma e pola Xunta Reitora.

s) Todo o relativo a deslindes e demarcacións parciais ou totais do monte.

t) Realizar todos os actos que sexan necesarios para a boa marcha da

comunidade, levando a cabo unha explotación racional e sostíbel do monte de acordo co artigo 2º, así como asinar os convenios a realizar para a cesión, permuta ou adquisición de bens e dereitos que poidan variar o patrimonio da comunidade.

u) Cantas outras estean atribuídas polas disposicións en vigor, as que se dicten nun futuro e cantas se lles atribúan nos presentes Estatutos, especialmente no tema do exercicio de voto e elección de cargo.

v) Todas as cuestións relativas a cesións ou explotacións do monte serán especialmente revisadas, debido ás circunstancias concretas que padece o monte de Teis, estando totalmente supeditadas o artigo 2º.

# CAPÍTULO XI

## A Xunta Reitora

**Art. 36.-** A administración e xestión da comunidade corresponde á Xunta Reitora que estará constituída polo Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e un número non superior a dez Vogais.

**Art. 37.-** Os referidos cargos son honoríficos e terán unha duración de catro anos, sendo substituídos na forma que deixamos establecida nos seguintes casos.

- a) Falecemento ou incapacidade de obrar.
- b) Perda da condición de comuneiro ou revogación da condición que ostenta.
- c) Renuncia expresa admitida pola Asemblea Xeral.
- d) Revogación pola Asemblea Xeral extraordinaria a petición do 20% dos comuneiros, aprobada por maioría simple, sempre que concorran a esta asemblea o 50% dos comuneiros.

**Art. 38.-** A Xunta Reitora reunirase en sesión extraordinaria cando o dispoña o Presidente ou o pida calquera dos seus membros, e en sesión ordinaria cada mes como mínimo.

**Art. 39.-** Para que quede validamente constituída a Xunta Reitora, deberán de asistir a maioría dos seus membros e, en todo caso, o seu Presidente ou, coa delegación asignada, o seu Vicepresidente.

Os acordos adoptaranse por maioría simple e en caso de empate decidirá o Presidente mediante o seu voto de calidade.

A asistencia as reunións da Xunta Reitora será sempre persoal sen que se admitan delegacións.

**Art. 40.-** Calquera membro da Xunta Reitora con máis de cinco faltas de asistencia ou tres consecutivas no período de un ano, sen xustificación de xeito anticipado ou aviso de urxencia, será dado de baixa provocando na seguinte Asemblea Xeral a

súa revogación e substitución por outro comuneiro sen responsabilidades activas na Xunta Reitora.

**Art . 41. -** Son funcións da Xunta Reitora:

- a) Execución dos acordos da Asemblea Xeral.
- b) Presentación á Asemblea Xeral da proposta de novos comuneiros, da imposición de períodos de carencia, cotas de ingreso e separación de comuneiros.
- c) Confección e presentación á Asemblea Xeral de orzamentos e balances.
- d) Promover a confección de planos para a recuperación, conservación e aproveitamento do monte.
- e) Decidir sobre a interposición de accións xudiciais, administrativas ou doutro tipo, todo isto sen prexuízo das facultades que por razón de urxencia se lle outorga ao Presidente da comunidade.
- f) Facer xestións, desembolsos de cartos ata 500.000 pts dando contas detalladas de todo isto á Asemblea Xeral para que as acepte ou rexeite.
- g) Impulsar o funcionamento da comunidade co fin de evitar as accións de protección e xestión cautelar atribuídas á Administración Pública e, en especial, que os montes veciñais da comunidade sexan declarados en estado de grave abandono ou degradación, todo isto sen prexuízo de solicitar da Consellería as axudas necesarias para evitalo.
- h) En xeral, administrar a comunidade no que delegue a Asemblea Xeral ou imponha a Lei 13/89 do 10 de outubro, o seu regulamento aprobado por decreto 260/1992 de 4 de setembro ou, no que fose preciso, a Lei 55 /80 do 11 de novembro e o seu regulamento.
- i) A Xunta Reitora disporá das contas bancarias abertas a nome da comunidade, podendo decidir sobre a apertura ou peche das contas nas entidades que se considere conveniente para o interese xeral da comunidade. Terán recoñecida a sinatura para dispoñer de fondos os seguintes:

Presidente, Tesoureiro, Secretario e un Vogal, sendo necesaria a sinatura conxunta de dous de calquera destes para a disposición de fondos en cada conta bancaria.

**Art. 42.-** O Presidente da Xunta Reitora ostentará xudicial e extraxudicialmente a representación da comunidade, nembargantes poderán ser nomeados polos órganos da comunidade outros representantes se se considerase oportuno.

O Vicepresidente substituirá o Presidente na súa ausencia e en asuntos de representación e auxiliará a aquel nos trámites da súa competencia.

**Art. 43.-** O Secretaria será o encargado das citacións, notificacións, libro de actas e, en xeral, toda a documentación da comunidade.

Este utilizará en todos os escritos, actas ou documentos da comunidade o galego, que será a lingua oficial de esta.

**Art. 44.-** O Tesoureiro será o encargado de controlar a xestión económica e reflectir a marcha da comunidade nos libros de contas, así como controlar os caudais de esta, realizando todas as xestións deste tipo, en especial pagamentos ou ingresos coa intervención do Presidente, o mesmo que as ordes e xestións para a evolución do patrimonio da comunidade e, en definitiva, a marcha contábel da comunidade, reflectindo nos libros as entradas e saídas de cartos da mesma.

**Art. 45.-** Os Vogais terán as funcións que lle encomende a Xunta Reitora. Encargaranse dunha área ou proxecto que se lles encomende, debendo de informar da evolución no seu desenvolvemento ou execución en cada xuntanza.

Se se considera oportuno, os vogais poderán ser sometidos á consideración da Asemblea Xeral.



## CAPÍTULO XII

### O Presidente da Xunta Reitora

**Art. 46.-** O Presidente da Xunta Reitora é o representante legal da comunidade, podendo defendela sen necesidade de contar coa Xunta Reitora nin coa Asemblea Xeral só en casos de urxencia, pero coa obriga de someter á ratificación dos órganos de goberno da comunidade na primeira reunión que se leve a cabo as accións tomadas para a defensa da comunidade, sexan estas por vía xudicial ou administrativa ou de calquera outro tipo, para a súa confirmación ou rexeitamento.

## CAPÍTULO XIII

### Outros órganos de administración

**Art . 47.-** A Asemblea Xeral poderá nomear comisións xestoras para mellor administración de certos espacios ou áreas do monte ou do seu patrimonio, de explotacións concretas ou para cumprir misións específicas dentro da comunidade. Estarán compostas por un Presidente e dous Vogais, elixidos de entre os que teñan interese directo no obxecto para o que se constitúen.

**Art. 48.-** As comisións terán as facultades que a Asemblea Xeral ou a Xunta Reitora lles asigne nas cuestións que lle fosen encomendadas e os seus acordos, segundo a competencia de cada órgano, serán ratificados ou rexeitados pola Asemblea Xeral ou a Xunta Reitora.

# CAPÍTULO XIV

## Responsabilidade de órganos de goberno

**Art. 49.-** A Asemblea Xeral será responsábel perante os comuneiros da boa marcha da comunidade e do cumprimento das súas obrigas, dos presentes Estatutos, Lei e regulamento de montes veciñais en man común.

**Art. 50.-** A mesma responsabilidade dáelle á Xunta Reitora tanto polo que respecta aos asuntos da súa competencia, como aos que lle encargue a Asemblea Xeral, e os danos ou prexuízos que sexan ocasionados á comunidade por culpa da negligencia na súa actuación.

A responsabilidade da Xunta Reitora será sempre conxunta, a non ser que algún dos seus membros traspase as facultades que lle foron conferidas e actúe a nivel persoal con terceiros. A tal se lle esixirá responsabilidade individual, todo isto sen prexuízo das responsabilidades que puidera ter cada un dos membros.

## CAPÍTULO XV

# Impugnación dos acordos dos órganos de goberno e facultades da Comunidade para revogalos

**Art. 51.-** Os acordos da Asemblea Xeral contrarios á Lei de montes veciñais en man común, ao seu regulamento, as infraccións dos presentes Estatutos e os que non se axeiten ao interese xeral poden ser recorridos por calquera dos comuneiros dentro dos 15 días naturais seguintes, no caso de que o comuneiro asistise á asemblea na que se adoptou este acordo, e en 30 dos seguintes naturais se non asistiu á mencionada asemblea. Debendo resolver a Asemblea Xeral sobre tal recurso dentro dos trinta días naturais seguintes á súa presentación. A resolución poderá ser impugnada ante a xurisdicción ordinaria dentro dos dous meses seguintes.

Os recursos interpostos polos comuneiros aos que se refire o presente artigo tramitaranse conforme á Lei de procedemento administrativo, coa invocación do precepto infrinxido.

**Art. 52.-** Se se tratase de acordos da Xunta Reitora que adoezan dos mesmos defectos, deberán ser impugnados polos comuneiros que se crean prexudicados perante a Asemblea Xeral no termo dos 15 días naturais dende a súa publicación, e a resolución de aquela poderá ser impugnada na forma prevista no artigo anterior.

**Art. 53.-** A Asemblea Xeral poderá revogar calquera acordo adoptado pola mesma ou pola Xunta Reitora pero para isto requiriranse as circunstancias do art. 18 da Lei 13/89 do 10 de outubro do Parlamento Galego.

Cando tales acordos fosen contrarios á Lei e regulamento dos montes veciñais en man común, aos presentes Estatutos, ou violasen a lexislación xeral poderán ser suspendidos polo Presidente ata a reunión da referida asemblea, cando así o solicite calquera membro da Xunta Reitora ou o 20% dos comuneiros.

Se tales acordos fosen ratificados pola Asemblea Xeral reunida a tal efecto,

poderán ser executados sen prexuízo das responsabilidades nas que incorra a propiedade comunal se se ordena a súa revogación pola xurisdicción competente.

# CAPÍTULO XVI

## Aproveitamentos

**Art. 54.-** O capítulo de aproveitamentos dos Estatutos da comunidade de Teis está encadrado dentro das circunstancias concretas que están a sufrir estes montes; isto vese agravado se temos en conta a non excesiva superficie contemplada como monte comunal. Polo tanto o capítulo de aproveitamentos estará supeditado a un escrupuloso respecto do monte e ao especificado no artigo 2º destes Estatutos. Búscase neste capítulo unha forma de aproveitamento moderna, ecolóxica e racional que non estea en contradición co modelo de monte que se quere conseguir.

**Art. 55.-** Os aproveitamentos do monte veciñal en man común serán:

- a) Directos e gratuítos
- b) Con rendementos pecuniarios.

Serán aproveitamentos directos e gratuítos aqueles que realicen os comuneiros de xeito que os produtos aproveitados redunden no seu beneficio particular ou familiar.

Serán aproveitamentos directos e gratuítos os seguintes:

- a) Colleita de cogomelos, castañas, noces, cereixas ou calquera froito procedente da recuperación do monte, recollido en tempada e do xeito correcto.
- b) Pastoreo do gando dos membros da comunidade e previa autorización da Xunta Reitora, nunca de xeito intensivo e supeditado á dispoñibilidade dunha zona axeitada na cal non cause danos ás plantacións.

Nos aproveitamentos directos e gratuítos a participación será a necesaria para satisfacer as necesidades familiares.

Se algún dos aproveitamentos chegase a escasear ou fose conveniente a moderación na súa explotación, a xunta da comunidade propondrá á Asemblea Xeral

o sistema de distribución e limitacións que considere máis axeitado para compaxinar a escaseza coa necesidade dos comuneiros, para mellor aproveitamento e beneficio do monte.

**Art. 56.-** Para a explotación parcial do monte, poderán ser utilizadas as augas baldías, superficiais ou subterráneas pola propia comunidade mediante acordo da Asemblea Xeral. Así mesmo, e de conformidade co previsto no artigo 15 da Lei 4/95 do Dereito Civil de Galicia, as augas nadas en monte en man común aproveitaranse segundo o costume, e as que alí broten serán aproveitadas segundo o acordo da Asemblea Xeral, sempre tendo en conta se as necesidades do monte permiten calquera tipo de captación.

Estas augas poderán ser cedidas, en precario, para o seu aproveitamento por períodos prorrogables co acordo da maioría dos comuneiros. A cesión formularase por contrato escrito e faranse constar as obrigas e os dereitos de cada unha das partes.

Cando o aproveitamento das augas redunde en beneficio dos propietarios do monte a Asemblea Xeral poderá acordar a cesión por tempo indefinido das mesmas.

Todo isto sen prexuízo do que para o efecto dispón a Lei de Augas 29/85 de 2 de agosto e o regulamento público hidráulico aprobado por Real Decreto 849/86 do 11 de abril que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da citada Lei, agás que a Comunidade Galega regule de distinto xeito, dentro da súa esfera de competencias, por medio doutra normativa de aproveitamentos acuíferos.

**Art. 57.-** A ramallada procedente do arborado apeado será distribuída entre os comuneiros facendo lotes aproximadamente iguais.

**Art. 58.-** No caso de que calquera produto de rendemento directo e gratuíto non sexa aproveitábel en todo ou en parte, a Xunta Reitora da comunidade procederá á súa venda, investindo o beneficio obtido en melloras do monte.

**Art. 59.-** Son considerados aproveitamentos con rendementos pecuniarios os seguintes:

- a) Venda de madeira ou calquera aproveitamento que produza o monte

susceptíbel de producir cartos.

b) Rendementos económicos que se desprendan do uso didáctico e formativo do monte, de xeito organizado e respectuoso co medio.

c) Cesións de terreos xa establecidos no perímetro do monte.

d) Outros que se poidan establecer.

**Art. 60.-** Non se contemplan como aproveitamentos por ser incompatíbeis, e ser contrarios á actitude de recuperación e conservación do monte os seguintes:

a) A caza.

b) Arrendamento de pastos de xeito intensivo e masivo.

c) Arrendamento de canteiras e similares.

d) Cesións que supoñan a instalación de edificacións permanentes en solo forestal.

e) Competicións deportivas que non respecten o medio.

f) Calquera tipo de aproveitamento que se considere incompatíbel coa recuperación do monte, tendo en conta as súas circunstancias actuais.

**Art. 61.-** As actuacións sobre o aproveitamento do monte en función das actividades da comunidade, presentes nos artigos anteriores, estarán suxeitas a planos de aproveitamento racional do monte, debendo sometelos a deliberación concreta.

**Art. 62.-** O alleamento dos aproveitamentos da madeira ou de calquera outro rendimento pecuniario farase sempre en subhasta pública, con fixación de avisos por escrito nos lugares de costume.

Serán aproveitamentos non pecuniarios nin directos aqueles que para a súa consecución requiran o establecemento dunha empresa agropecuaria ou industrial, man de obra remunerada, organización, risco e organización técnica empresarial, así como un proceso continuo de produción con autonomía



económica.

**Art. 63.-** A comunidade poderá facultar, previo acordo da Asemblea Xeral, á Xunta Reitora para que realice, caso de interesar, as xestións necesarias para mancomunarse coas comunidades doutras localidades que posúan montes en man común co fin de realizar planos de recuperación e explotación racional dos mesmos ou para a súa defensa, casos como o de incendio forestal, vertidos de lixo, tendidos eléctricos ou vías de comunicación.

**Art. 64.-** Para a conservación ecolóxica e ambiental do monte, a Xunta Reitora poderá tomar calquera medida para alcanzar a mellor conservación e recuperación do monte sen prexuízo de poder emprender todas as medidas legais contra os infractores.

## CAPÍTULO XVII

# Elección de cargos da Xunta Reitora e eleccións

**Art. 65.-** Para a elección da Xunta Reitora será convocada a Asemblea Xeral polos promotores dos presentes Estatutos ou tres comuneiros para tal fin, dentro do prazo que sinala a disposición transitoria segunda.

A mesa electoral estará integrada polo comuneiro de maior idade e o de menor idade, ostentando o primeiro deles a presidencia e o segundo a secretaría.

Serán elixidos Presidente, Vicepresidente, Secretario e Vogais da Xunta Reitora os que integren a candidatura que maior número de votos obteñan dos comuneiros en Asemblea Xeral da comunidade.

**Art. 66.-** Para as demais eleccións unha vez rematado o mandato da anterior Xunta Reitora e dentro do prazo máximo de tres meses, o Presidente da comunidade convocará a Asemblea Xeral co fin de:

- a) Convocar eleccións para elixir os membros que compoñerán a Xunta Reitora.
- b) Establecer lugar, día e hora para a celebración da Asemblea Xeral para tal elección.
- c) Designar de entre os comuneiros, para formar a mesa electoral, o presidente da mesma, o secretario e dous vogais, así como catro suplentes. Así mesmo someterá á aceptación dos designados para o desempeño do cargo.

**Art. 67.-** A designación efectuada e a aceptación manifestada para o desempeño do cometido é renunciábel por imposibilidade ou causa xustificada sempre que tal renuncia se efectúe cando menos con dez días de antelación á celebración da Asemblea Xeral para efectuar tal elección, presentándoa por escrito ao Presidente da comunidade quen, despois de acreditar se sobre os extremos de imposibilidade

xustificada, comunicará ao primeiro suplente a designación para o cargo da mesa, e así sucesivamente.

**Art. 68.-** A asemblea para a elección da Xunta Reitora convocarase cando menos con 15 días de antelación.

**Art. 69.-** As distintas candidaturas á Xunta Reitora depositaranse para a súa formalización perante a secretaría da Xunta Reitora. Os seus compoñentes presentarán un escrito no que figure a súa composición e os cargos a que cada un aspire. A convocatoria de eleccións á Xunta Reitora deberá publicitarse nos lugares de costume quince días antes da celebración destas, debendo estar as candidaturas presentadas obrigatoriamente na sede da Xunta Reitora con 5 días de antelación á data das eleccións.

**Art. 70.-** As candidaturas que concorran para ocupar os distintos cargos da Xunta Reitora poderán designar cada unha delas un interventor na mesa electoral, sempre que non sexa candidato a ningún dos cargos, para que fiscalice a claridade das eleccións.

**Art. 71.-** Calquera incidente ou recurso que se presente durante a celebración das eleccións reflectirase na acta que o secretario levantará e resolverase por acordo da asemblea a continuación do recuento de votos.

**Art. 72.-** Unha vez resoltos os incidentes e recursos aos que se refire o artigo anterior, acordarase dar validez ás eleccións, ao escrutinio e recuento de votos, procedendo a continuación a declarar electos os cargos para a Xunta Reitora, tal e como se contempla no parágrafo derradeiro do artigo 65 dos presentes Estatutos, tomando acto seguido posesión dos cargos. A entrega da documentación efectuarase nun período máximo dunha semana dende a data das eleccións.

**Art. 73.-** A comunidade extinguirase por calquera das causas seguintes:

- a) Por disposición legal que así o ordenase.
- b) Por deixar de existir a totalidade dos comuneiros.

**Art. 74.-** Cando ao tempo que se expropie o monte se extinga a comunidade titular do mesmo, o importe do xusto prezo poderá investirse, se así o acorda a Asemblea

Xeral, na adquisición doutro monte, finca ou inmovible se existise traslado a outra vila, aldea ou lugar que fose facilitado por calquera entidade pública ou privada ou ben fose xestionado pola propia comunidade.

**Art. 75.-** Cando non fose posíbel evitar calquera tipo de expropiación do monte, con todos os argumentos legais, e tampouco o expresado no artigo anterior, a Asemblea Xeral, pola maioría dos seus membros, decidirá sobre o emprego e xusta distribución do importe correspondente á expropiación dos bens comunais, pero esta non desaparecerá en expectativa do dereito de reversión dos mesmos. De extinguirse ou desaparecer a comunidade de veciños titular do monte, de forma previsor e ata que se reconstrúa a comunidade, e sempre que o lugar onde radique o monte non exerza o dereito expresado no artigo 20 da Lei de montes veciñais 13/89, os montes serán xestionados de xeito cautelador pola Consellería de Medio Ambiente.

## Disposicións transitorias

**PRIMEIRA.-** Antes da aprobación dos presentes Estatutos, do xeito que regula a Lei 13/89 do 10 de outubro do Parlamento Galego, concederáse un prazo de 10 días para que teñan pleno coñecemento dos mesmos todos os posibles comuneiros. Este trámite efectuarano, no caso de ser a primeira Xunta Reitora, os promotores do expediente de clasificación ou tres veciños con dereito a integrarse na comunidade; ou caso de ser Xunta Reitora en funcionamento, concederáse igual prazo a todos os comuneiros para o estudo dos Estatutos, a incorporación de normas peculiares da zona onde os mesmos vaian ter efecto ou incorporar o costume inveterado que no seu caso puidese existir como fonte de dereito especial galego.

**SEGUNDA.-** No expresado prazo de tempo convocarase a Asemblea Xeral do xeito que determina a lexislación vixente.

## Disposición derradeira

**ÚNICA.-** No non previsto nos presentes Estatutos, regulará a Lei 4/95 do Dereito Civil de Galicia e a Lei do Patrimonio Histórico de Galicia, a Lei 13/89 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común promulgada polo Parlamento Galego e o seu regulamento aprobado por Decreto 260/1992 do 4 de setembro e, no que fose preciso, a Lei 55/80 do 11 de novembro e o seu regulamento, aprobado por Decreto do 26 de febreiro de 1970 e, no seu defecto, a lexislación xeral e o costume inveterado como fonte especial do dereito foral galego en virtude do artigo 38-1 do Estatuto de Galicia.

Como consecuencia do anterior, os usos e costumes polos que se viña rexendo a comunidade quedan derogados polos presentes Estatutos que terán plena validez despois de ser aprobados pola Asemblea Xeral e remitidos ao Secretario do Xurado de Clasificación de Montes Veciñais da provincia, por duplicado exemplar con certificación a fe do secretario da comunidade de ter obtido a súa aprobación e relación ou censo detallado de comuneiros que integran a comunidade, tendo efectos dende o día seguinte da súa recepción polo xurado anteriormente mencionado.

En Teis (Vigo), 5 de setembro de 1998